

APOIAN:



rosalia.gal



abride a
fiestra
2023

SÁBADO 15 DE XULLO
CASA DE ROSALÍA



abride a fiestra 2023

Festival-xornada de portas abertas na Casa de Rosalía con **feira de produtos rosalianos** e espazo de xogos para infantís.

[Entrada libre e aparcadoiro de balde nos arredores]



NA HORTA



NO AUDITORIO



NA CASA

11.00 Visita guiada pola Horta da man de **Miguel Lois**

11.30 **Xosé Luís Axeitos** e **Henrique Rabuñal** conversan sobre “O Centenario de Murguía”

12.00 Actuación de **ANTÓN REIXA**: “Concerto desconcerto”

12.00 Visita guiada por **Rita Bugallo** [público familiar]

12.30 **Teatro Airiños** presenta o libro *90 anos de teatro do pobo* con pequena actuación

13.00 Visita guiada por **Xosé Luís Axeitos**: “Esta tamén é a Casa de Murguía”

13.00 Actuación de **ALDAOLADO** (poesía, música, humor)

13.30 Conversa entre **Belén López** e **Moncha Fuentes**, sobre o seu libro *O tradutor de sombras*

14.00 Cata de viños con **Paco&Lola**, impartida por **Cayetano Otero**

XANTAR NA HORTA DE ROSALÍA

17.00 Obradoiro de xoguetes sonoros con **Cé Orquestra Pantasma**

17.30 Visita guiada pola Casa da man de **Manuel Lorenzo Baleirón**

18.00 Actuación musical de **Cé Orquestra Pantasma** [público familiar]

18.00 Conversa entre **Belén López** e **Olga Novo**, Premio Nacional de Poesía por *Feliz idade*

18.30 Visita guiada pola Casa con **Carme Pérez-Sanjulián**

19.00 Acto institucional do 138 aniversario do pasamento de Rosalía. Entrega da **Rosa de Galicia** á familia de Octavio San Martín

20.00 Actuación de **XURXO SOUTO**: “Cantos das Mulleres do Mar: A Cantiga da Conserva”

21.00 Concerto de **XISCO FEIJOO**

23.15 Observación da estrela Rosalía de Castro canda a **Agrupación Astronómica Ío** [mellor traer prismáticos]



Ao Piano de Rosalía durante todo o día:
Suso Alonso e amigos
(e desde as 19h. **Martiño Rivo**)



Principais protagonistas:

- **XISCO FEIJOO** presentará na Casa de Rosalía 'Peixe', o seu primeiro disco, que está preñado da esencia máis fonda da música tradicional, vista dende unha mirada contemporánea e interpretada dende a modernidade e dende a visión dun século XXI dominado polas novas tecnoloxías pero onde se respectan e valoran con emocionante orgullo as orixes e tradicións máis puras e ancestrais.
- **ALDAOLADO** son Lucía Aldao e María Lado desde 2005. Poesía escénica. Música. Humor. Mazamos guai. Guión. Dramaturxia. Realizan unha mestura de poesía con humor e música de carácter transgresor, nun exercicio de comunicación directa co espectador.
- **ANTÓN REIXA**, protagonista fundamental nas últimas décadas da cultura galega, presenta "Concerto Desconcerto", unha selección dos seus textos desde sempre con certas partes de "poesía expandida" de verbalización dalgunhas peformance e unha parte final de parodia das "frases feitas" da linguaxe común.
- **XURXO SOUTO**, músico, escritor, contador... desta volta virá contarnos e cantarnos "Cantos das mulleres do mar: a Cantiga da Conserva".



- **CÉ ORQUESTRA PANTASMA**, baixo cuxa marca se agocha o vigués César Freiria, é un músico autodidacta e apaixonado dos instrumentos musicais que desde 2008 leva percorrendo o máis variado do panorama festeiro galego e portugués levando ás costas a súa proposta: Cé orquestra pantasma, un proxecto musical, unipersoal e versátil, grazas ao seu amplo e variado repertorio, no que se conxuga á perfección toda unha vida musical.
- **OLGA NOVO**, Premio Nacional e autora fundamental das nosas letras, conversará coa xornalista Belén López sobre a súa última obra, 'Feliz idade'. Todo un luxo, dado que non se prodiga moito en actos públicos.
- **MONCHA FUENTES**, profesora, tradutora e escritora tardía, presentará aquí a súa última obra 'O tradutor de sombras', que acadou a bendición da crítica, en conversa con Belén López.
- **TEATRO AIRIÑOS** quiere celebrar na Casa de Rosalía os seus 90 anos de historia como o máis antigo e importante grupo de teatro amador de Galicia. Con presentación do libro conmemorativo e unha pequena representación.
- **SUSO ALONSO** é un pianista de longa traxectoria nos palcos e tamén no teatro, case sempre coa compañía Chévere. Tocará ao longo de todo o día o Piano de Rosalía: tanto temas da época (segunda metade do XIX) como temas rosalianos e outros. Contará con colaboracións de diferentes artistas.